



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


**Xuño 2023**

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2023

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Xuño 2023


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xuño en Galicia unha diminución do 0,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa inferior en 7,0 puntos á do mes de maio. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 0,7%, 1,9 puntos menos que no mes anterior.
- En once comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de xuño.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 1,1% e en España un 2,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta o persoal ocupado no mes de xuño.



## 1. Cifra de negocios

### 1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xuño en Galicia unha diminución do 0,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa inferior en 7,0 puntos á do mes de maio. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 0,7%, 1,9 puntos menos que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento do 4,2%, suma 2,9 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* reducen a súa facturación o 11,7% e restan 3,4 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* diminúe o 2,9% e nos *Outros servizos* aumenta o 3,8%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 4,0%, co que achega 2,2 puntos a taxa de variación do índice xeral; o *Comercio ao retalho* aumenta o 4,3% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 5,7%. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* diminúe o 8,9% mentres que o *Comercio ao retalho* aumenta o 6,6% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 13,7%.

Os *Outros servizos* diminúen a cifra de negocios en Galicia o 11,7%. Esta caída ven motivada polo *Transporte* que diminúen a súa facturación o 25,6% co que resta 4,0 puntos a taxa interanual. Os maiores incrementos rexístranse na *Hostalería* (19,1%) e nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (12,3%).

En España, os *Outros servizos* crecen o 3,8%. O *Transporte* tamén rexistra unha taxa negativa, -4,6%. Os maiores incrementos acádanse na *Hostalería* (9,8%) e nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (9,3%) .

Na primeira metade do ano, o índice xeral crece un 7,4% en Galicia, máis que en España (4,8%). Os maiores incrementos en Galicia rexístranse no *Comercio por xunto* (9,7%), na *Hostalería* (17,1%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (11,6%). En España, os maiores crecementos rexístranse en *Venta e reparación de vehículos de motor* (18,8%), *Hostalería* (14,0%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (12,7%).

## 1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 3,8% no mes de xuño.

Todos os sectores rexistran taxas positivas agás *Transporte* (-11,9%) e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (-3,2%); o maior incremento preséntase na *Hostalería* (18,3%).


No que vai de ano, o índice amosa un crecemento do 8,1%. Todos os sectores rexistran taxas positivas: o maior incremento obsérvase na *Hostalería* (16,7%)

## 1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios diminúe o 0,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB aumenta o 3,8%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



#### 1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de xuño a cifra de negocios aumenta en once comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os maiores crecementos danse en Illes Balears (10,5%), Extremadura (4,7%) e La Rioja (4,5%). As comunidades onde máis diminúe a cifra de negocios son Navarra (-6,8%), Madrid (-5,4%) e Castilla y León (-2,0%).

No que vai de ano, os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (17,0%) e Canarias (11,1%) e as taxas máis baixas prodúcense en Madrid (0,4%) e Navarra (3,0%).

## Índices de cifra de negocios. Xuño 2023

### Taxa de variación en %




## 2. Persoal ocupado

### 2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,1% respecto ao mes de xuño de 2022, menos que en España (2,0%).

O persoal ocupado crece un 1,7% no *Comercio* e un 0,7% nos *Outros servizos*. Os maiores incrementos danse nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (3,7%), *Comercio por xunto* (3,3%) e *Información e comunicacións* (2,5%). As actividades con redución de emprego son *Venta e reparación de vehículos de motor* (-3,6%), *Transporte* (-1,3%) e *Hostalería* (-1,3%).

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores agás nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-0,1%). Os maiores crecementos rexístranse en *Información e comunicacións* (4,4%) e *Transporte* (3,4%).



No acumulado de ano, o emprego aumenta un 1,0% en Galicia, un punto menos que no conxunto do Estado (2,0%).


## 2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

En todas as comunidades autónomas aumenta o emprego no sector servizos no mes de xuño. As taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (5,9%) e Murcia (3,4%). As taxas máis baixas obsérvanse en Cantabria (0,5%) e Comunitat Valenciana (0,6%).

No que vai de ano, os maiores incrementos do emprego danse en Illes Balears (6,4%) e Canarias (3,6%). A única comunidade que perde persoal ocupado é Cantabria (-0,6%).

## Índices de persoal ocupado. Xuño 2023

### Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.



## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Xuño 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>174,6</b>	<b>-0,6</b>	<b>7,4</b>
<b>Comercio</b>	<b>171,5</b>	<b>4,2</b>	<b>9,2</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	135,3	5,7	7,1
Comercio por xunto	190,2	4,0	9,7
Comercio ao retallo	133,2	4,3	7,2
<b>Outros servizos</b>	<b>183,2</b>	<b>-11,7</b>	<b>2,9</b>
Transporte	230,4	-25,6	-1,1
Hostalería	146,3	19,1	17,1
Información e comunicacións	145,8	3,7	0,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	169,0	3,7	6,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	141,5	12,3	11,6
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>154,6</b>	<b>-0,7</b>	<b>4,8</b>
<b>Comercio</b>	<b>155,3</b>	<b>-2,9</b>	<b>3,2</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	167,0	13,7	18,8
Comercio por xunto	161,7	-8,9	-1,6
Comercio ao retallo	138,8	6,6	10,2
<b>Outros servizos</b>	<b>153,6</b>	<b>3,8</b>	<b>8,3</b>
Transporte	150,6	-4,6	3,7
Hostalería	146,8	9,8	14,0
Información e comunicacións	140,0	5,4	6,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	174,2	6,1	10,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	158,4	9,3	12,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Xuño 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>164,4</b>	<b>3,8</b>	<b>8,1</b>
Comercio	160,0	4,5	8,6
Transporte	202,5	-11,9	4,5
Hostalería	152,8	18,3	16,7
Información e comunicacións	151,3	5,3	1,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	163,8	-3,2	2,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	134,9	11,3	5,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.  
Xuño 2023**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
<b>ESPAÑA</b>	<b>154,6</b>	<b>-0,7</b>	<b>4,8</b>
Andalucía	152,0	2,6	8,5
Aragón	152,4	-0,6	5,8
Asturias	148,2	0,8	9,3
Balears, Illes	183,7	10,5	17,0
Canarias	134,1	3,5	11,1
Cantabria	159,6	2,0	6,1
Castilla y León	139,6	-2,0	4,4
Castilla-La Mancha	156,8	0,8	7,1
Cataluña	151,0	1,6	5,8
Comunitat Valenciana	156,3	-0,1	3,9
Extremadura	163,8	4,7	6,3
<b>GALICIA</b>	<b>174,6</b>	<b>-0,6</b>	<b>7,4</b>
Madrid	156,2	-5,4	0,4
Murcia	158,7	1,5	7,0
Navarra	163,0	-6,8	3,0
País Vasco	153,5	0,5	5,2
Rioja, La	169,9	4,5	6,0

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Xuño 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>110,7</b>	<b>1,1</b>	<b>1,0</b>
<b>Comercio</b>	<b>112,2</b>	<b>1,7</b>	<b>1,3</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	94,5	-3,6	-2,8
Comercio por xunto	126,2	3,3	2,3
Comercio ao retalho	107,7	1,6	1,3
<b>Outros servizos</b>	<b>109,5</b>	<b>0,7</b>	<b>0,7</b>
Transporte	100,0	-1,3	-1,0
Hostalería	102,0	-1,3	1,2
Información e comunicacións	120,1	2,5	2,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	116,7	3,7	3,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	118,6	1,6	-1,1
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>113,7</b>	<b>2,0</b>	<b>2,0</b>
<b>Comercio</b>	<b>110,1</b>	<b>2,0</b>	<b>1,6</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	106,8	1,4	1,2
Comercio por xunto	113,3	2,1	1,6
Comercio ao retalho	108,6	2,0	1,7
<b>Outros servizos</b>	<b>116,0</b>	<b>1,9</b>	<b>2,2</b>
Transporte	115,2	3,4	3,2
Hostalería	111,8	1,5	3,0
Información e comunicacións	124,1	4,4	4,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	114,6	2,7	2,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	119,4	-0,1	-0,7

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.  
Xuño 2023**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>113,7</b>	<b>2,0</b>	<b>2,0</b>
Andalucía	110,9	1,9	1,8
Aragón	110,5	0,7	0,0
Asturias	110,2	2,4	1,3
Balears, Illes	138,1	5,9	6,4
Canarias	108,6	2,6	3,6
Cantabria	109,0	0,5	-0,6
Castilla y León	104,3	0,9	0,5
Castilla-La Mancha	113,9	1,5	1,9
Cataluña	117,0	1,5	1,8
Comunitat Valenciana	111,7	0,6	0,5
Extremadura	112,1	1,1	1,8
<b>GALICIA</b>	<b>110,7</b>	<b>1,1</b>	<b>1,0</b>
Madrid	115,0	2,8	3,1
Murcia	125,1	3,4	2,1
Navarra	111,4	1,7	1,1
País Vasco	107,9	1,7	1,4
Rioja, La	110,0	1,8	0,9

Fonte:INE